



En contestación á petición de data 20 de xaneiro de 2023 en relación cos gastos protocolarios, indícolle que atendendo o contido do Artigo 10 do Regulamento Orgánico da Deputación, do dereito de acceso á información no que expresamente di:

O dereito de acceso á información refírese a datos, informacións ou documentos existentes, e non inclúe, polo tanto, a elaboración de estatísticas, resúmenes ou informes da documentación posta a disposición dos deputados por parte das unidades administrativas da Deputación, agás nos casos en que a lexislación de réxime local así o estableza. A elaboración de estatísticas, resúmenes e informes, deberá ser realizada, con carácter xeral, polo persoal adscrito ó servizo dos grupos políticos.

Non procede a realización dun documento novo, con comparación, extracción, disociación e outras tarefas alleas á función propiamente certificante xa que a información á que se refire o Deputado Rafael Rodríguez Villarino, facilítaselle de xeito mensual a todos os grupos políticos, na relación mensual de decretos, no que figuran "acordos de autorización e disposición dos gastos e o recoñecemento e liquidación das obrigas e orden do o seu aboamento" figurando detalladamente Código, Número, Data factura, Data recepción, Proveedor, Descrición, Partidas, Importe Base, IVE, Retención e importe.

No obstante indicarlle que calquera información adicional que precise, estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Gastos protocolarios	A partir da recepción	TRANSPARENCIA

Ourense, 24 de xaneiro de 2023

O PRESIDENTE


José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.